

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 29 de xullo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González

Invitados:

D^a. Olga Alonso Suarez

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día dezaioito de xullo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria e concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(797).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de xullo, ordinaria do 4 de xullo e extraordinaria e urxente do 8.07.14. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(798).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD, S.A., POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DURANTE O MES DE XUÑO-2014. EXPTE, 2167/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 11/07, da técnico de servizos económicos, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada e visto o informe de fiscalización do 16/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.530.96 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de xuño de 2014.

Segundo.- Imputar o gasto de 5.530.96 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 "Contratación Servicio Seguridade", minorándoo do RC 201400020621

3(799).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 15774/332

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 18/07/2014, da secretaria da Mesa de Contratación e visto o informe de fiscalización do 21/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a WENCESLAO CABEZAS DEL TORO, o procedemento aberto para a contratación da xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (expediente 15774-332) por un prezo total de 133.316,04 € (IVE incluído), e coas seguintes prestacións adicionais:

- A impartición de 3 especialidades distintas das 2 contempladas no punto 3 (proxecto curricular) do Proxecto Educativo da EMD (Anexo I do PPT) .
- A impartición de 48 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no punto 3.4.2 do Proxecto Educativo da EMD (Anexo I do PPT).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

4(800).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME NA AVDA. DO TRANVÍA PK 3+140 A PK3+890. EXPTE. 70546/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 18/07/2014, da secretaria da Mesa de Contratación e visto o informe de fiscalización do 21/07/14 , a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a NAROM, S.L, o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme na Avda. do Tranvía do PK3+140 a PK3+890 (expediente 70546-250) por un prezo total sen I.V.E. De 52.419,12 € . Se compromete a achegar 122 metros lineais de barreira de seguridade tipo bionda das seguintes características:

Barreira de seguridade bionda tipo BMSNA2/T, formigonada. Barreira metálica simple de seguridade bionda tipo BMSNA2/T de 3 mm de grosor, de aceiro laminado e galvanizado en quente con postes metálicos galvanizados, tipo tubular 120x55x200 mm de lonxitude, colocados cada dous metros con formigón HNE-20/P/40, p.p. de conectores, separadores, xogo de tornillería, captafaros, colocada, totalmente rematada. Segundo O.C 28/2009.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

5(801).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2014. EXPTE. 5502/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17/06/14, da xefa do servizo, conformado polo xefe de Promoción Cultural e polo concelleiro de área; visto o informe de fiscalización do 15/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Resolver a convocatoria de subvencións para programas de actividades de socioculturais para o ano 2014, de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 30 de maio de 2014 por un importe total de 50.000 euros con cargo á aplicación 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

Expte	SOLICITANTE	CIF	epig	Programa	Concedido actividade	IMPORTE
5583/335	IRMANDADE DEVOTOS DE SAN ROQUE	G-36763225	3a)	Romaría de San Roque 2014	4.000,00 €	4.000,00 €
5593/335	SC FESTAS DA CONSOLACION DE COIA	G-36633030	3a)	Festas da Consolación de Coia	4.000,00 €	4.000,00 €
5545/335	AV PRAZA DA MIÑOCA	G-36842282	2	Festa Xuntanza San Xoan	327,17 €	327,17 €
5546/335	CC MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G-36614097	2	Entroido 2014	316,94 €	316,94 €
5547/335	CCA E RECREATIVO "RUEIRO"	V-36626802	1	III Cilclo de Teatro Afeccionado Enrique Landesa	368,06 €	368,06 €
5551/335	AC FESTAS DE BEIRAN	G-36703171	3B)	Festa Virxen da Soledad	511,20 €	511,20 €
5548/335	AVCD SAN XURXO DE SAIANS	G-36648988	2	XXIX Festa da Amizade	531,65 €	531,65 €
5552/335	AV FONTE DO GALO	V-36655017	1	Obradoiro de Teatro	429,41 €	429,41 €
5553/335	AV FEIRA DE CABRAL	G-36729796	2	Festa do Xurelo	368,06 €	368,06 €

5554/335	AV MOV. CIUDADAN "O NOSO BARRIO"	G-36784296	2	Festa A Bouza 2014	378,29 €	378,29 €
5555/335	AV DE SARDOMA-O CARBALLO	G-36649325	1	Cultura musical	388,51	879,26 €
			2	Festa do Socio	490,75 €	
5557/335	ASOCIACIÓN ABOAL	G-36806693	1	Musical Solidario	633,89 €	1.277,99 €
			2	Aboal Chef	644,11 €	
5558/335	AV EMILIO CRESPO DE NAVIA	G-36648608	2	Noite de San Xoan	306,72 €	306,72 €
5561/335	AS.BENÉFICA BEIRAMAR DE VIGO	G-36634608	1	Comedia Musical Tutankamón	572,54 €	572,54 €
5562/335	COMISIÓN DE FESTAS DA XUVENTUDE	G-27738889	3	Festa da Xuventude	787,24 €	787,24 €
5563/335	ASOCIACIÓN CULTURAL O COTO	G-36627941	2	Festa do Cabazo	807,69 €	807,69 €
5564/335	AVCV-CSCR DE BEADE	G-36632081	1	Festival Folclórico en Beade	644,11	2.157,25 €
			2	Beade Dinámica	664,56 €	
			3c)	XXIX Festa-Feira da Cereixa	848,59 €	
5565/335	AV As nosas Rúas da Travesía de Vigo	G-36640985	1	II Festival as Nosas Rúas	357,84 €	654,33 €
			2	Chourizada	296,49 €	
5566/335	AVCR SAN MAMEDE DE ZAMANS	G-36691855	2	Festa do Socio	685,00 €	685,00 €
5567/335	ASOCIACIÓN FOLCLORICA QUEIXUMES	G-36735728	1	Festival folclórico	398,73 €	398,73 €
5572/335	CCR BECERREIRA - CABRAL	V-36658680	3	XXVIII Romaría do Pan de Millo	552,09 €	981,50 €
			2	Festival do Entroido – Carnaval infantil	429,41 €	
5573/335	CRA ARTISTICO CULTURAL DE CORUXO	G-36627495	1	Homenaxe ó Gaitero	572,54 €	1.145,08 €
			2	Entroido: Enterro do Castrón	572,54 €	
5574/335	IRMANDADE NOSA SEÑORA DAS NEVES	G-36954162	1	Festa do Carballo	644,11 €	1.359,79 €
			3B)	Festa da Nosa Sra. Das Neves	715,68 €	
5575/335	AV A NOSA TERRA ALCALBRE	G-36649374	2	Noite de San Xoan	357,84 €	357,84 €
5576/335	IRMANDADE SAN CAMPIO-VALADARES	G-36840940	3B)	Irmandade de Festas San Campio	828,14 €	828,14 €
5578/335	FUNDACIÓN CUME	G-36797579	1	Cancións de sempre	490,75 €	490,75 €
5579/335	AV NOVO VIGO	G-27771195	1	Navia Paraqued'Arte	490,75 €	828,14 €

			2	Festa de San Xoan	337,39 €	
5582/335	UVCD CANDEAN	G-36863348	2	Festas Tradicionais	582,77 €	582,77 €
5585/335	ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ANDARELA	G-36698686	1	Festival folclórico	470,30 €	777,02 €
			2	Magosto Popular	306,72 €	
5584/335	IRMANDADE FESTAS SANTA MARIÑA	G-36837425	3B)	Festas patronais Irmandade Festas Santa Mariña	746,35 €	746,35 €
5586/335	AF ALGARABIA	G-27752989	2	IMOS DE SERAN CON ALGARABÍA	357,84 €	357,84 €
5587/335	ACF O FIADEIRO	G-36812204	1	A Ultima verbena	582,77 €	961,05 €
			2	II Ronda de Nadal	378,29 €	
5588/335	AVDA SALGUEIRA "ROSALIA CASTRO"	G-36644904	2	San Xoan	306,72 €	306,72 €
5589/334	ASOCIACIÓN XOGAIS	G-36917037	2	II Edición Vigo, cidade diversa	664,56 €	664,56 €
5590/335	A C. DO SALVADOR DE TEIS	G-36769214	1	Noite Folk para recuperar os grupos do Barrio	562,32 €	1.329,11 €
			3B)	Festas Patronais en honor a San Salvador Teis	766,80 €	
5591/335	COMISIÓN FESTAS SAN XOAN DE FREIXO	G-36791846	3B)	Festas Patronais San Xoan Freixo	552,09 €	552,09 €
5592/335	AVCD SAN PAIO	G-36648103	1	Actuacións grupo gaitas e baile galego	521,42 €	858,81 €
			2	San Xoan	337,39 €	
5594/335	AVCD SANTA MARIÑA DE CABRAL	G-36651073	2	Fogueira de San Xoan	368,06 €	368,06 €
5595/335	IRMANDADE FESTAS SANTA ANA	G-36648095	3B)	Festas Patronais de Santa Ana	746,35 €	746,35 €
5597/335	AV A UNIÓN SAN PEDRO DE MATAMA	G-36654036	2	San Xoan	327,17 €	327,17 €
5598/335	ASOC. AS FONTES VILAR. GANDARON	G-36684991	1	Festival de Música Galega do Vilar-Lavadores	398,73 €	398,73 €
5599/335	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE TEIS	G-36646545	2	Festa do Veciño(VIII edición)	674,78 €	674,78 €
5600/335	A.C.R.H.R. BURBIDA MAGNA	G-27738889	2	Participación Vicus Spacorum 2104	480,53 €	480,53 €
5601/335	AV DOUTOR FLEMING	G-36709004	2	13ª Festa Veciñal	306,72 €	306,72 €
5602/335	AGRUPACIÓN FESTAS DE VIGO	G-36659563	3b)	Das Candelas e San Brais-Castrelos	531,65 €	4.662,12 €
			3b)	San Paio de Navia	460,08 €	

			3b)	San Benitiño Monte Pequeno Candean	388,51	
			3b)	Santa Eulalia de Alcabre	562,32 €	
			3b)	Festa Santa Cristina Lavadores	460,08 €	
			3B)	San Cristobo e Santa Ana	582,77 €	
			3B)	Honra do Dulce Nome de Maria Candean	613,44 €	
			3b)	O Rosario de Navia	449,85 €	
			3B)	Festa da Honra de Sancibrán Bembrive	613,44 €	
5603/335	S.V.C.D. "Nautilus"	G-36631703	2	Festa Castrexa	306,72 €	613,44 €
			1	Letras Galegas	306,72 €	
5605/335	ASOCIACIÓN CULTURAL ALG-A	G-36985950	1	Video Danza	429,41 €	838,36 €
			2	Feira Imaxinaria	408,96 €	
5606/335	AMONAGA	G-36983229	2	Curso construción barco	388,51 €	388,51 €
5608/335	ACD E CULTURAIS DE VIGO	G-36791291	1	Festival Baile Moderno	419,18 €	419,18 €
5609/335	ASC: CULTURAL XARABAL	G-36884864	2	Magosto Popular	306,72 €	306,72 €
5610/335	CCVD VIGO CENTRO	G-27762434	2	Magosto Popular	316,94 €	787,24 €
			1	Encontro Folclórico	470,30 €	
5613/335	S. GALEGA DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN PATRIMONIO	G-27762921	2	Feira Mercado de productos traidiconais Galegos	378,29 €	378,29 €
5615/335	AC BARRIO ALTO CASCO VELLO VIGO	G-27800861	1	Arte nas rúas	695,23 €	1.257,55 €
			2	Cultura de barrio	562,32 €	
5617/335	AVCD "MONTE DA MINA" CASTRELOS	G-36623593	2	Festa da Convivencia	368,06 €	368,06 €
5620/335	A.C.POLIFÓNICA ANDURIÑA	G-36898708	1	IX Festival Intern. De Habaneras e Polifonía	337,39 €	337,39 €
5621/335	ASOCIACIÓN XARUMA	G-27746486	2	Proxecto dinamización soc. Integración Social	439,63 €	439,63 €
5625/335	CVC DE VALADARES	G-36805158	1	XVII Certame Internacional de Regueifas	552,09 €	1.001,95 €
			2	12º Serán Tradicional de Valladares	449,85 €	
5626/335	A. GALEGA DE PERCUTAS OMAR	G-36482347	1	Foliada de Sons no Castro	715,68 €	715,68 €

5627/335	CCAR DE VALADARES	G-36617082	1	xv certame de humor en valadares	674,78 €	1.298,44 €
			2	certame de rondallas	623,66 €	

Segundo.- Que se desestimen as solicitudes seguintes de acordo as bases segunda, cuarta e sétima, sendo a relación de solicitudes desestimadas a seguinte:

EXPTE.	NOME ENTIDADE	CIF	CAUSA DE DESESTIMACIÓN
5556/335	IRMANDADE FESTA DORES-CABRAL:	G-36846921	Desestimada por non cumprir os requisitos exisidos na base cuarta a)1
5559/335	CLUB GAMBOA	G-36812535	Desestimada por non cumprir o establecido na base segunda 2.
5568/335	AFAGA	G-36776920	Desestimada pola base sétima 2
5569/335	AVCD LAVADORES	G-36633618	Desestimada pola base sétima 9
5570/335	ASOCIACIÓN AREAS	G-36768729	Desestimada pola base sétima 2.
5571335	AETRAVI:	G-36877861	Desestimada pola base sétima 2.
5581/335	CLUB MONTAÑEROS CELTAS:	G-36637890	Desestimada pola base sétima 2.
5604/335	ASDEGAL:	G-27727593.	Desestimada pola base sétima 2.
5611/335	ACE DO CALVARIO:	G-36482347	Desestimada pola base sétima 2.
5612/335	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS	G-36622835	Desestimada pola base sétima 2.
5613/335	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS CON PARALISE CEREBRAL:	G-36624120	Desestimada pola base sétima 2.
5616/335	ASOCIACIÓN COMERCIANTES PAU DE NAVIA:	G-27767656	Desestimada pola base sétima 2.
5622/335	ASOCIACIÓN DE MULLERES PEDRA VELLA	G-36837433	Desestimada pola base sétima 2.
5624/335	ASOCIACIÓN XUNTANZA XUVENIL	G-367445951.	Desestimada pola base sétima 2.
5633/335	ASOCIACIÓN SERHACER	G-27762491	Desestimada pola base sétima 2 e 8

Terceiro.- O prazo de xustificación das subvencións para programas de actividades socioculturais 2014 unha vez rematado o programa e como data límite o día 5 de decembro de 2014.

6(802).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO PARA ORGANIZAR O “ROAD SHOW” AO CARÓN DAS PISTAS DE BALONCESTO DO APARCADOIRO DE SAMIL. EXPTE. 13195/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 22/07, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Federación Gallega de Baloncesto , a organizar os vindeiros días 1, 2 e 3 de agosto de 2014, o evento deportivo denominado ROAD SHOW, que se levará a cabo no aparcadoiro de Samil, ao carón das pistas de baloncesto.

7(803).- SOLICITUDE DE “EL CORTE INGLÉS”, PARA ORGANIZAR A “XXXVI TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS-TROFEO RÍA DE VIGO-NATACIÓN LAGAR DISTANCIA”, NA PRAIA DO VAO O 03/08/2014. EXPTE.13052/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 22/07, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a El Corte Inglés, a organizar o vindeiro domingo 3 de agosto de 2014 , a XXXVI Travesía a nado El Corte Inglés- Trofeo Ría de Vigo- Natación Larga Distancia. Dita proba terá lugar na praia do Vao e nas inmediacións da Isla de Toralla, nun horario comprendido entre as 9.00 horas e as 14.00 horas.

8(804).- PROXECTO DE CONVENIO CO “VIGO RUGBY CLUB”, PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES-TEMPORADA DEPORTIVA 2014. EXPTE. 13030/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 02/07, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes e vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 16 e 17/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13030/333, aprobado en X.G.L. O 16/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Club en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que *“No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”*, co obxecto de aumentar o importe da subvención de acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 2.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13030/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade Vigo Rugby Club co CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa Pontevedra 6, 6ºC, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13030/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.

9(805).- PROXECTO DE CONVENIO CO CLUB “HALCONES DE VIGO” DE BÉISBOL, PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES-TEMPORADA DEPORTIVA 2014. EXPTE. 13290/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 16/07, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes. Vistos os

informes xurídico e de Intervención de datas 18 e 22 de xullo de 2014, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Halcones de Vigo de Beisbol para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Primeira División Nacional na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

Segundo.- Aprobar o gasto de 15.000,00€. a favor da entidade Halcones de Vigo de Beisbol co CIF: G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13290/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.14 do vixente orzamento.

Terceiro.- Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014 (EXPTE. 13290/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona María Isabel Villar de Dios, como presidenta da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club CIF nº G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13290/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club conta cun equipo de élite que participa na categoría Primeira División Nacional desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Beisbol en etatas de formación, contribuíndo

ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.14 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00€, a favor da entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13290/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Beisbol na tempada 2013/2014.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Halcones de Vigo Beisbol Club unha subvención por importe de 15.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.14 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadruar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación

da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.”

10(806).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO” PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN RACIAL. EXPTE. 10926/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 13/07, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de área; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 20 e 30 de xuño de 2014, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Xitano para o desenvolvemento de accións dirixidas á poboación xitana no marco dos programas de Loita contra a Discriminación.

Segundo.- Facultar ao concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para asinar o citado convenio.

Terceiro.- Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2014 se contempla a partida 2410 4890002, onde se preve nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 16.000,00€, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 2410 489.00.02 “Convenio Fundación Secretariado Xitano” de Desenvolvemento Local e Emprego.

“Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dousmil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, don Pedro Puente Fernández, como presidente da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Antonio Merino 10, Madrid, na representación da mesma, segundo escritura de data 23 de febreiro de 2005.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que teñen conferidas para poder convenir e obrigarse no nome das institucións e ámbitos que representan.

MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario remexer e eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións ais bens e servizos da comunidade.

A nova sociedade baseada no coñecemento, como expresamente se recoñece no documento de Conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 23 e 24 de marzo de 2000, ofrece un enorme potencial para reducir a exclusión social, tanto mediante a creación de condicións económicas que redunden nunha maior prosperidade da que non queden marxidados ningún grupo ou comunidade, como promovendo novos xeitos de participación na sociedade.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quenenes teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facerse esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política

global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco da dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar, por terse subrogado de todas as actividades da Asociación Secretariado General Gitano, as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos Plurirrexionais de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

- A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.
- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe solcial.
- A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade xitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos..

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2014 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais da administración concedente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

V.- Que a Fundación Secretariado Gitano non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 8845 /77.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Gitano, o Concello de Vigo e

a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Fundación Secretariado Gitano comprométese a colaborar coa Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade xitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:

1º.- En canto ao eixo socio-laboral:

- Mobilización das persoas para mellorar a súa empregabilidade mediante unha adecuada acollida, diagnóstico e xestión dos itinerarios individuais.*
- Desenvolvemento de destrezas básicas, de habilidades sociais e de competencias laborais*
- Orientación laboral, deseño de itinerarios individuais de inserción e seguimento do itinerario.*

2º.-En canto ao eixo formativo:

- Desenvolvemento de accións formativas adaptadas aos niveis educativos previos e aos intereses e expectativas da poboación xitana.*
- Xestión do acceso aos recursos de formación ocupacional e creación de novos escenarios adaptados de formación-emprego.*
- Accións específicas de formación para o emprego arredor dos nichos de mercado actualmente existentes e dos núcleos de competencias profesionais cos que a poboación xitana de Vigo está familiarizada: Curso de Manipulación de Alimentos (para a obtención do carné profesional); Curso de Xestións administrativas telemáticas; Curso de camareira de pisos; Curso de limpiadora axudante de cociña; Curso de informática básica para a busca de emprego, Curso de preparación das probas libres de competencias clave; Curso de Carretillero; Curso de PRL Naval; Curso de Fontanería.*

3º.-En canto ao eixo do emprego:

- Prospección, acompañamento e seguimento no emprego.*
- Identificación e achegamento entre ofertas e demandas.*
- Intermediación co tecido económico-empresarial.*
- Convenios con empresas e outros axentes sociais.*
- Prácticas formativas no ámbito da empresa.*

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Unir esforzos e actuar aunadamente coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2º.- Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (DEZASEIS MIL EUROS), con cargo á partida 2410 489.00.02, do vixente

orçamento, co obxecto de coadjuvar á financiación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación Secretariado Gitano deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- En base aos artigos 42 e ss. do RD 887/2006 de Regulamento da LXS, poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Fundación, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación Secretariado Gitano debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a identificación dos proxectos que se levarán a cabo, de xeito que a identidade corporativa dos asinantes se respecte en todo momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte das persoas usuarias da mesma

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia. (Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas beneficiarias, éstas poderán exercitar o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Fundación Secretariado Gitano, no prazo de 1 mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

1. Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

- *A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:*
 - *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:*
 - *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
 - *Datas e lugar de celebración.*
 - *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
 - *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
 - *Actuacións realizadas.*
 - *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
 - *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 - *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
 - *Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - *Número e no seu caso serie.*
 - *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
 - *Lugar e data de emisión.*
 - *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a Fundación solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar o corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ata o 31 de outubro de 2014.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. O xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Fundación deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Fundación está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, ás normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.*
- b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.*
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.*
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.*
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico.*

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado.

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.

Décimo novena.- A este Convenio poderán adherirse e cooperar no seu desenvolvemento, as organizacións públicas e privadas (empresas, fundacións, medios de comunicación, ...), así como asociacións que interveñen coa comunidade xitana que se atopen en condicións de cooperar ao maior e máis eficaz desenvolvemento destas iniciativas.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de _____ de 2014”

11(807).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN” PARA APOIO AOS TRABALLADORES CON SÍNDORME, DO PROGRAMA VIGO EMPREGA (CONVOCATORIA 2014). EXPTE. 11067/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 23/07, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de área, visto o informe xurídico do 23/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, e D. Fernando Molina Magdalena, con DNI 36.065.820-A, como presidente da Asociación Síndrome de Down, para a regulación do apoio que se prestará ao traballador de Vigo Emprega D. Daniel López Santoro para facilitar a súa inserción laboral.

Segundo.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PROGRAMA VIGO EMPREGA E “DOWN VIGO: ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN” A TRAVÉS DO PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO.

En Vigo, a X de Xullo de 2014

REUNIDOS

DUNHA BANDA:

D. Fernando Molina Magdalena, con DNI. 36.065.820-A, como Presidente de Down Vigo: Asociación Síndrome de Down con CIF. G 36.697.324, con sede na R/ Portela nº 48, Baixo C.P: 36214, en Vigo.

DOUTRA:

a) Santos Héctor Rodríguez Díaz con DNI 36008431E como Concelleiro de Emorego do Concello de Vigo, en representación do Concello de Vigo con CIF. P-3605700H, e enderezo na Praza do Rei, 1 de Vigo.

DECLARAN:

PRIMEIRO: *Ós intervinetes recoñéceselle capacidade e lexitimación para a negociación e firma do presente convenio.*

SEGUNDO: *Que o obxeto deste convenio de colaboración é facer posible que os membros do Servizo de Emprego con Apoio da Asociación Down Vigo poidan beneficiarse das accións que nel se recollen, e que se destinan a potenciar a súa integración na sociedade, facilitando a súa formación e busca de emprego ou outros aspectos que faciliten a integración dos usuarios.*

E por iso,

ACORDAN:

Suscribir o presente acordo, marco de colaboración para establecer as bases de intervención encamiñadas á integración, co fin de mellorar a calidade de vida dos usuarios do Servizo de Emprego con Apoio; e firman segundo as seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: *O presente acordo ten por obxeto acordar a presenza das Preparadoras Laborais no proceso de intervención sociolaboral na empresa, estas profesionais Estas funcións a desempeñar polas preparadoras laborais son gratuitas polo que non suporán ningún custe para o Concello de Vigo.*

SEGUNDA: *Os Preparadores Laborais encargados da Formación no posto de traballo segundo a metodoloxía do emprego con apoio serán os que Down Vigo teña a ben asignar, estes non terán ningunha relación laboral co Concello de Vigo.*

TERCEIRA: Este convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá validez ata que unha das partes notifique o seu cese na colaboración establecida.

CUARTA: As accións a realizar serán sempre gratuitas e desenvolveranse sempre dentro do marco do servizo de emprego con apoio, tendo en conta a súa filosofía de integración, non discriminación e igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade intelectual en xeral e síndrome de Down en particular.

QUINTA: Para o seguimento deste convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no seu desenvolvemento, constitúese unha comisión de seguimento, composta por representantes de cada parte asinante, que serán:

Por Down Vigo: Asociación Síndrome de Down :
Dna. Eva Alonso Fernández
Responsable Emprego con Apoio

Por Vigo Emprega:
Dna. Celia De Monasterio Roldán
Tutora

SEXTA: As partes conservarán de forma estritamente secreta calquera información de carácter persoal que se faciliten entre elas no marco do desenvolvemento do presente convenio, así como, toda aquela información da outra parte á que se teña acceso en virtude da aplicación deste acordo. Así, non poderá ser facilitada a terceiros sen consentemento expreso da mesma, comprometéndose ademáis a tomar cantas medidas sexan razoables e útiles para evitar divulgacións polo persoal ou terceiros que poida ter acceso a esta, tanto durante a vixencia do presente convenio, coma tras a súa terminación.

SÉTIMA: A modificación ou incumprimento por calquera das partes asinantes das cláusulas do presente convenio, realizada sen previa consulta e conformidade das outras, considerarase suficiente para a automática extinción do mesmo, salvo que a parte non consultada considere axeitada ou suficientemente xustificada a modificación ou incumprimento.

Para que así conste, asinan o presente convenio por triplicado, en data e lugar de encabezamento,"

12(808).- PROPOSTA DE INVESTIMENTOS ORIXINADOS POLA MODIFICACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO. EXPTE. 15348/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 17/07, do xefe de área e do xefe dos servizos enerxéticos conformado polo concelleiro de Fomento, visto o informe de Intervención do 21/07/14.

Primeiro.- Aprobar as actuacións propostas por ImesApi S.A. con cargo a obriga sobre os investimentos de reposición, vinculadas o contido do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10 de decembro do 2013 con ocasión da aprobación da prórroga do contrato de mantemento das instalacións do alumeado público, polo importe de 842.500,18 euros (IVE engadido), en base ao acordo da

Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2013, en melloras das instalacións de alumeado público seguintes:

Melloras da iluminación e realce luminico/ornamental da rotonda da Avda Castelao, intersección coas rúas Grove e Martín Echegaray, cun prazo de execución de 6 meses.

Melloras da iluminación das rúas García Barbón, Colón e Urzaiz (tramo comprendido entre García Barbón e Gran Vía) con tecnoloxía LED, cun prazo de execución de 4 meses.

Substitución de luminarias de vapor de mercurio de viais e espazos públicos por iluminación máis eficiente con tecnoloxía LED e sodio alta presión, cun prazo de execución de 6 meses.

Reposición de equipos, vandalismos e actualización de instalacións por OCA's, cun prazo de execución de 6 meses.

Segundo.- Aprobar a memoria valorada para a execución das referidas melloras polo indicado importe de 842.500, 18 euros (IVE engadido) tal e como se concreta a continuación:

UNIDADES	CONCEPTO	PRECIO UNITARIO	PRECIO TOTAL
	ADECUACION DE ROTONDA EN AVDA. CASTELAO, fronte o Alcampo.		
1,00	Traballos de retirada da columna de gran altura existente na rodonda, con emprego de Grúa Doniz autopropulsada de 80 Tm (servicio mínimo de grúa 8 horas), con tendido da columna e desmontaxe en obra dos tramos da columna.	1.380,00	1.380,00
11,00	Ud subministro e montaxe de báculo de aceiro galvanizado de 10 metros de altura con escudo tipo "Concello de Vigo" para un punto de luz, provista dunha luminaria Salvi IDEA-2 78 equipada en vapor sodio alta presión de 250 W con lámpada, incluso caixa Claved de conexións, manguera interior e pica de terra. Completamente instalada con dobre porca e porca roma de aceiro inox	1.884,00	20.724,00
500,00	MI de cableado eléctrico realizado con conductor RV-K 0,6/1kV 4x16+16TT tendido en canalización existente	8,00	4.000,00
1,00	Adecuación para a iluminación ornamental interior e exterior da rotonda en Castelao : • Subministro e instalación de elemento de iluminación ornamental. incluso canalización eléctrica. Traballos auxiliares e complementarios para a ubicación do barco Bernardo Alfageme como elemento de realce da rotonda e a súa aplicación lumínica.	75.297,64	75.297,64
12,00	Ud subministro e instalación de proxector Led na periferia da rodonda	197,00	2.364,00
180,00	MI de canalización en terra, tubo de 63 mm, incluso excavación a unha profundidade de 65 cm e posterior recheo con 31 cm de area, 20 cm de zahorra, 10 cm de formigón HM-25	6,00	1.080,00
160,00	MI de cableado eléctrico realizado con conductor RV-K 0,6/1kV 4x6+16TT tendido en canalización existente.	4,50	720,00

12,00	Ud suministro e instalación de proxector Led no interior da rotonda	197,00	2.364,00
1,00	Ud suministro e instalación de cadro eléctrico de mando e protección, coas correspondentes proteccións magnetotérmicas e diferenciais, incluso reloxo astronómico	400,00	400,00
250,00	MI de canalización interior realizada con tubo de pvc ríxido D=25 mm grapado no interior da rotonda	3,15	787,50
250,00	MI de cableado eléctrico interior realizado con conductor RV-K 0,6/1kV 3x2,5 mm2 tendido en canalización existente, incluso caixas plexo de derivación	1,50	375,00
1,00	XESTION DE RESIDUOS na execución das obras	3.750,00	3.750,00
1,00	SEGURIDADE E SAUDE na execución das obras	1.875,00	1.875,00
	SUBTOTAL TRABALLOS NA ROTONDA DE AVDA. CASTELAO	115.117,14	
	GRUPOS OPTICOS URZAIZ Y COLON		
171,00	Ud de grupo óptico LED 25 W sen regulación para farol Palacio	315,00	53.865,00
171,00	Ud de pletina para ancoraxe da cúpula do farol Palacio	9,00	1.539,00
	GRUPOS OPTICOS AVENIDA GARCIA BARBON		
365,00	Ud de grupo óptico LED 25 W sen regulación para farol Palacio	315,00	114.975,00
365,00	Ud de pletina para ancoraxe da cúpula do farol Palacio	9,00	3.285,00
	SUBTOTAL SUSTITUCION DE GRUPOS OPTICOS	173.664,00	
	SUBSTITUIR MERCURIO POR SODIO NO TÉRMINO MUNICIPAL.		
435,00	Ud. Retirada da luminaria existente de Vapor de Mercurio e traslado da mesma ó Almacén Municipal. Subministro, montaxe e conxionado de luminaria de Vapor de Sodio Alta Presión da potencia axeitadas ó tipo de rúa, 50 ou 70 W.	300,00	130.500,00
	SUBTOTAL SUSTITUCION DE LUMINARIAS NO RURAL	130.500,00	
1,00	Total de Partida para reposición de equipos, vandalismos e actualización de instalación por OCA's.	277.000,00	277.000,00
	SUBTOTAL PARTIDA DE REPOSICIÓN, VANDALISMO E OCAS	277.000,00	
		BASE IMPONIBLE	696.281,14
		IVA (21%)	146.219,04
		TOTAL PRESUPOSTO DE EXECUCION	842.500,18

13(809).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE REDES E ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONTORNO DE CHURRUCA”. EXPTE. 2675/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21/07, do xefe de área conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Nomear como Coordinador de seguridade e saúde da obra “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO ENTORNO DE CHURRUCA” a D. OSCAR PEREIRO TAIBO (CSM).

Segundo.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO ENTORNO DE CHURRUCA”.

Terceiro.- Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra. Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

14(810).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE REDES E ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DA RÚA RONDA DE DON BOSCO, EDUARDO IGLESIAS E VELÁZQUEZ MORENO”. EXPTE. 2677/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21/07, do xefe de área conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Nomear como Coordinadora de seguridade e saúde da obra “RENOVACION REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DA RUA RONDA DE DON BOSCO, DE EDUARDO IGLESIAS A VELAZQUEZ MORENO” a D. REBECA GALIÑANES FERNANDEZ (PROYEGAL).

Segundo.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACION REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DA RUA RONDA DE DON BOSCO, DE EDUARDO IGLESIAS A VELAZQUEZ MORENO”.

Terceiro.- Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma ra-

zoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

15(811).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE REDES E ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2”. EXPTE. 2672/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21/07, do xefe de área conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Nomear como Coordinadora de seguridade e saúde da obra “RENOVACION DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2” a D. REBECA GALIÑANES FERNANDEZ (PROYEGAL).

Segundo.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACION DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2”.

Terceiro.- Aceptar o plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo prevén a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

16(812).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE REDES E ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NO CONTORNO DA RÚA CHURRUCÁ”. EXPTE. 2674/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21/07, do xefe de área conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.”.

17(813).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE REDES E ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DA RÚA

**RONDA DE DON BOSCO, EDUARDO IGLESIAS E VELÁZQUEZ MORENO”.
EXPTE. 2676/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21/07, do xefe de área conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA INFRA-ESTRUCTURAS, SA.”.

**18(814).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DO PROXECTO “RENOVACIÓN DE REDES E ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2”.
EXPTE. 2671/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 21/07, do xefe de área conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA INFRA-ESTRUCTURAS, SA.”.

19(815).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO”, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 6579/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 16/07, da técnica de xestión, conformado polo xefe do servizo e polos concelleiros de área e Concellería de Facenda;. vistos os informes xurídico do 04/06 e de fiscalización do 15/07/2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 6.000 € (seis mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890008, denominada “*Convenio Asoc. Xordos*” incluída no vixente orzamento municipal (2014), a favor da entidade “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*”.

Segundo.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*” (CIF.- G-36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (20 horas semanais), durante os meses de abril a outubro de 2014 (24/04/14- 23/10/14) e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 6.000 € (seis mil euros).

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

En Vigo, na casa do Concello de Vigo, a ----- de----- de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra parte, D. Antonio Castro Neira (DNI: 33304797S), en calidade de secretario da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G -36622835, con domicilio social na Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 6579/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundando na democracia representativa.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 266/92.

III.- Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas

e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse o respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna a condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un "punto de encontro" na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos. Co fin de cooperar para que este obxectivo sexa unha realidade, o Concello de Vigo leva anos colaborando con esta entidade mediante a firma de convenios, outorgamento de subvencións, así como coa cesión, polo prazo de 25 anos, do dereito de uso do local de propiedade municipal sito na planta baixa do edificio núm. 22-24 da rúa Romil desta cidade (acordos da XGL de datas 31/01/05 e 23/10/06).

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e considerando que a ASV é a principal representante deste colectivo, considérase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación e Atención Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais

poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa aos discapacitados auditivos.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13 de xuño de 2014 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), na partida 9240.4890008 "Convenio Asoc. Xordos" prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 6.000 € a favor da "Asociación de Personas Sordas de Vigo".

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (20 horas semanais) durante os meses de abril a outubro de 2014 (24/04/14- 23/10/14), tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

<i>CUSTE SALARIAL 2014 .INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA A TEMPO PARCIAL (20 H. SEMANAIS ~ 24/04/14-23/10/14)</i>	
<i>GRUPO DE COTIZACIÓN</i>	<i>5</i>
<i>SALARIO BASE</i>	<i>535,37 €</i>
<i>INCENTIVO</i>	<i>34,79 €</i>
<i>PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS</i>	<i>178,46 €</i>
<i>SALARIO BRUTO</i>	<i>748,62 €</i>
<i>BASE DE COTIZACIÓN</i>	<i>748,62 €</i>
<i>CONTINXENCIAS COMÚNS</i>	<i>176,67 €</i>
<i>FOGASA, ETC.</i>	<i>56,15 €</i>
<i>CNAE</i>	<i>12,35 €</i>
<i>SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA</i>	<i>245,17 €</i>
<i>COSTE ASOCIACIÓN/MES</i>	<i>993,80 €</i>
<i>INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL</i>	<i>137,25 €</i>
<i>CUSTES SALARIAIS TOTAIS</i>	<i>6.100,03 €</i>

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

a) Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial (vinte horas semanais) durante os meses de abril a outubro de 2014 (24/04/14- 24/04/14), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.

b) A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.

c) Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.

d) O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.

e) Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.

f) Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación e Atención Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.

g) O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de vinte horas semanais, organizándoas dende a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" conforme a planificación presentada.

h) O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

i) O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.

j) O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" para o ano 2014, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de abril a outubro de 2014 (24/04/14- 24/04/14), e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 6.000 €.

k) Facilitar as actuacións de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.

l) Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula novena do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.

m) Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través de presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación e Atención Cidadá, que se trata dunha servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

n) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

o) Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

p) En xeral cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14, da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

a) Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

b) Conceder directamente á entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" unha subvención por importe de 6.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 480008, denominada "Convenio Asoc. Xordos", co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial (20 horas semanais) dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de abril a outubro de 2014 (24/04/14- 24/04/14).

c) Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Personas Sordas de Vigo.

d) Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación do acción conveniada.

e) Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula 9ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Persoas Xordas de Vigo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención. O art. 29 da LXS entende que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incorrer a beneficiaria para realizar por sí mesma a actividade subvencionada.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2014.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no vixente orzamento municipal.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Personar Sordas de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de outubro de 2014.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

*a) Solicitude de abono da subvención.
b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datos, horario e lugar de prestación do servizo*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e/ou número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.

-os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

-en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...

-os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.

-de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados na proxecto.

-para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo receptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarse fotocopia do contrato de traballo.

-as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar

nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

-non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

-o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria

-xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como, non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que responde da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegada

- Que a entidade cumpriu cumpriu as condicións e obrigas estipuladas no convenio.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Fotocopia do contrato de traballo

i) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorre en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5000 67 3040072985 (novagalicia banco)

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2014 no período comprendido entre o 24/04/14 ao 23/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal,

sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego e Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ----- de-----de 2014."

20(816).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON D. RICARDO SOTO RODRÍGUEZ PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA UNIDADE CANINA. EXPTE. 40425/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 10/07, do intendente da Policía Local, conformado polo concelleiro de área e polo de Facenda e visto o informe de fiscalización de data 15/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o Convenio de colaboración que figura no expediente, entre o Concello de Vigo e o funcionario de policía deste Concello, D. Ricardo Soto Rodríguez, con DNI 77003831S, para a implantación dunha Unidade Canina no Corpo da Policía Local.

Segundo.- Aprobar o gasto de 2.012,77 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320. 2269902 (convenio Unidade Canina) e o seu nivel de vinculación xurídica, para o cumprimento das obrigas asumidas polo Concello de Vigo na cláusula cuarta do convenio a favor de D. Ricardo Soto Rodríguez, con DNI 77003831S, na cantidade 1.500,00 € polos conceptos de gastos de alimentación e veterinarios do can , así como a suscripción dun seguro de responsabilidade civil , valor do animal e gastos veterinarios con ocasión do desempeño de funcións detectoras, cuxa prima a cada o coste de 512,77 €.

Terceiro.- Aprobar a creación dunha Sección Canina no seo da Policía Local, con dependencia directa da Xefatura.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE ENTRE O CONCELLO DE VIGO E D. RICARDO SOTO RODRÍGUEZ.

Vigo, de de 2014

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Abel R. Caballero Álvarez, Alcalde do Excmo. Concello de Vigo, na representación que ostenta segundo o art. 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

DOUTRA, D. Ricardo Soto Rodríguez, con DNI nº 77003831S, actuando no seu nome e dereito.

Recoñecéndose ambas partes capacidade para o outorgamento do presente convenio de colaboración

MANIFESTAN

I.- Que conforme aos arts. 11, 25 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os Concellos son entidades locais territoriais, con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, a efectos dos cales, no marco das competencias atribuídas nos termos da lexislación sectorial, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribuían a satisfacer as necesidades e aspiracións veciñais.

Tendo neste marco atribuída a competencia sobre Policía Local

II.- Que de conformidade co art. 53.1.g) da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, reguladora das Forzas e Corpos de Seguridade, os Corpos de Policía Local deberán “ efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delitivos no marco de colaboración establecido nas Xuntas de Seguridade.”

III.- Que o Concello de Vigo quere implantar no Corpo de Policía unha unidade canina para loitar de xeito máis eficaz contra o tráfico menor de drogas, especialmente o que se produce nos espazos de concentración xuvenil.

IV.- Que D. Ricardo Soto Rodríguez, funcionario en activo da Policía Local, está en posesión da capacitación de guía canino e ademais é propietario dun can de raza “ aguas español”, adiestrado na detención de hachís, marihuana, heroína e cocaína.

V.- Que convencidas ambas partes da posibilidade de colaborar na implantación da Unidade Canina na Policía Local de Vigo, con beneficio para o intereses que representan ambas partes , acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA: obxecto do convenio

Constitue o obxecto do presente convenio o establecemento dun cauce de colaboración entre o Concello de Vigo e o Policía local D. Ricardo Soto Rodriguez para a implantación dunha unidade canina no Corpo da Policía Local.

SEGUNDA: cesión do uso dun can detector de drogas

D. Ricardo Soto pon a disposición do Concello de Vigo o seu can de raza "perro de aguas español", de nome Juno, con nº de identificación 981098102287830, aos únicos efectos de ser utilizado nas funcións policiais de detección de drogas, estupefacentes e sustancias psicotrópicas e actividades pedagóxicas nos centros escolares.

Os días e horas de disposición serán os coincidentes coa xornada laboral de D. Ricardo, que será o guía.

O animal traballará sempre baixo a supervisión do guía e será quen decida técnicamente o xeito máis adecuado de realizar os entrenamentos, intervencións e exhibicións que realice o animal, previamente determinados pola Xefatura da Policía.

TERCEIRA: Coidado e custodia

A responsabilidade do coidado diario, custodia, vacunacións, revisións veterinarias periódicas e demais coidados esixidos para ter o can operativo segue a ser de D. Ricardo Soto.

CUARTA : obrigas do Concello

1ª. O Concello estará obrigado a contratar un seguro de responsabilidade civil que cubra calquer dano causado polo can a un terceiro no desempeño das funcións detectoras, valor do animal en caso de falecemento e asistencia sanitaria derivada tamén de lesións sufridas en actos de servizo.

2ª. Colaborará nos gastos de alimentación e veterinarios do animal na cantidade de 1.500,00 € anuais con cargo á aplicación orzamentaria 1320. 2269902 (Convenio Unidade Canina) que abonará en tres prazos, nos meses de abril, setembro e decembro, previo informe da Xefatura da Policía Local sobre a disposición do animal nos termos establecidos no parágrafo 2º da cláusula segunda do presente convenio e presentación das seguintes facturas:

a) Gastos veterinarios:

- Vacuna rabia (anual)*
- Vacuna polivalente (anual)*
- Desparasitación interna (trimestral)*
- Desparasitación externa-pipeta (mensual)*
- Desparasitación externa-collar (semestral)*
- Revisión anual e consulta*

b) Gastos de alimentación:

- Pienso –Royal Canin 14 Kg e outros alimentos (mensual)*
-

3ª. Facilitar os materiais necesarios para a realización dos entrenamentos diarios así como para exercer a función policial, sendo o Guía o responsable da correcta utilización destes materiais

QUINTA: comisión de seguimento

Para o desensenvolvemento e seguimento da execución deste convenio crease unha Comisión Mixta composta polo Inspector de Policía D. Francisco Javier Álvarez Ferreira e D. Ricardo Soto, que adoptarán os acordos por unanimidade.

Son funcións desta comisión de seguimento a execución dos servizos determinados pola Xefatura, a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan plantexarse, así como a elaboración, ao remate do convenio, dunha memoria coas accións levadas a cabo e resultados das mesmas, que integrará o informe que a Xefatura do servizo elabore sobre o cumprimento do convenio, eficacia no interese público a satisfacer e eficiencia dos recursos comprometidos.

SEXTA: vixencia do convenio

O presente convenio terá vixencia dende a data da sinatura ata o día 31 de decembro de 2014, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización ou de calquera das prórrogas.

SÉTIMA: resolución e revogación

Serán causas de resolución do presente convenio:

A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con dous meses de antelación.

O incumprimento do clausulado

O mutuo acordo entre as partes.

En todo caso, a aportación do Concello determinada na clausula cuarta será proporcional aos meses de disposición do animal.

OITAVA: réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local, pola Lei 30/1992, de 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e polos principios do RDL 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en canto ás dúbidas e lagoas que puideran presentarse; en defecto deste último polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta.

A resolución dos conflitos que poideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderá á xurisdicción contencioso-administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbas as dúas partes ao acordado no clausulado e, como proba de conformidade, asínanse dous exemplares no lugar e data arriba indicados."

21(817).- GRATIFICACIÓN SERVIZOS ESPECIAIS EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 25455/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14/07, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro delegado, visto o informe de fiscalización de data 17/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luís Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Ríos, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de XUÑO-2014, e que ascenden a un total de 1.105,40€, con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

22(818).- PRODUTIVIDADE XORNADA PARTIDA DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 25459-220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14/07, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro delegado, visto o informe de fiscalización de data 17/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de xuño de 2014, e que ascenden a un total de 971.88 €, con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

23(819).- PRODUTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO MUNICIPAL DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS. 2º TRIMESTRE 2014. EXPTE: 25456/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14/07, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro delegado, visto o informe de fiscalización de data 17/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Xuventude, Extinción de Incendios, Limpeza e Educación, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 1395.94 € correspondentes ó 2º trimestre de 2014, partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

24(820).- PRODUTIVIDADE CONDUCTORES ADSCRITOS AO GABINETE DE ALCALDÍA. 2º TRIMESTRE 2014. EXPTE: 25445/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14/07, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro delegado, visto o informe de fiscalización de data 17/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Abonar aos seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos á Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desenvolvemento das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do RD 861/86, de 25 de abril, durante

o segundo trimestre do presente ano 2014, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 9 de xullo de 2014:

-D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.367,26 €.

-D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.093,56 €.

Déase traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello por prazo de quince días.

25(821).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVOCATORIA AXUDAS ESTUDIOS (FAS). EXPTE: 25439/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 09/07, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro delegado, visto o informe de fiscalización de data 15/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 29/05/2014 e remitida a este servizo en data 02/07/2014 e, en consecuencia, aprobar as convocatoria de axudas de estudos 2013-2014 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220-publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).

Segundo.- Notificar o seguinte acordo ao Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.

26(822).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:

A) SOLICITUDE DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DE D. DELMIRO GARRIDO LAGE, CON EFECTOS DE DATA 11/08/2014. EXPTE. 25380/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 10/07, que di o seguinte:

"Primeiro.- Declarar a xubilación anticipada do funcionario municipal D. DELMIRO GARRIDO LAGE, con nº de persoal 11943, na praza de operario-peón, con data de efectos 11/08/2014, nos termos do informe do Servizo de Limpeza e do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincil da Seguridade Social (CAISS).

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente Resolución.

B) SOLICITUDE DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. ALBINO COUSIÑO GARCÍA CON EFECTOS DE DATA 26/07/2014. EXPTE. 25405/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 14/07/2014, que di o seguinte:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario do Corpo da Policía Local de Vigo D. ALBINO COUSIÑO GARCÍA, con nº de persoal 10270, na praza de Policía, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 26/07/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Superintendente Xefe do Corpo, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente Resolución.

C) SOLICITUDE DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. JUAN GONZÁLEZ IGLESIAS CON EFECTOS DE DATA 24/07/2014. EXPTE. 25404/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 10/07, que di o seguinte:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal D. JUAN GONZÁLEZ IGLESIAS, con nº de persoal 22792, na praza de Oficial, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 24/07/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente Resolución.

d) RENUNCIA PRESENTADA POR D^a MARTA ELISA COLLAZO LÓPEZ AO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO AUXILIAR DE ADMÓN XERAL. EXPTE: 25490/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 22/07, que di o seguinte:

“Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 21 de xullo de 2014 por D^a. Marta Elisa Collazo López, con DNI 35.317.752-X, nº de persoal 82758, nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral, con efectos do día 27 de xullo de 2014, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Benestar Social, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente Resolución.

27(823).- PROPOSTA DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL. EXPTE. 87827/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14/07, do xefe de área conformado polo concelleiro delegado e visto o informe de fiscalización do 15/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- O prezo do contrato para o período marzo 2014- febreiro 2015, é de 480.454,16 euros.

Segundo.- Recoñecer á empresa o dereito a percibir a cantidade de 30.619,54 euros correspondente aos atrasos calculados ata o 31/05/2014, con cargo a partida 13302279902 e ó seu nivel de vinculación xurídica.

28(824).- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE FIANZA: D^a RAQUEL M^a VÁZQUEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 89652/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 15/07, da xefa do servizo, conformado polo concelleiro de área, visto o informe de fiscalización do 11/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de xuño de 2014 por D^a Raquel María Vázquez González con NIF 76899540-Y, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Urzaiz, 191, por non producirse danos.

29(825).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.